

CONCELLO DE VIGO



MEMORIA ANUAL DE TRANSPARENCIA E BO GOBERNO 2023



Índice

Introdución.....	3
Antecedentes.....	4
1. PUBLICIDADE ACTIVA.....	5
1.1 Actualización de contidos publicados.....	6
- Corporación municipal 2023-2027.....	7
- Solicitudes de acceso á información pública (SAIP).....	9
1.2 Resolucións xudiciais.....	10
1.3 Análise de resultados.....	11
2. PUBLICIDADE PASIVA.....	18
2.1 Solicitudes de acceso á información pública 2023.....	19
2.2 Datos estatísticos.....	20
3. BO GOBERNO E INTEGRIDADE.....	21
3.1 Sistema interno de información.....	23
4. CONCLUSIÓNS.....	24



Introdución

A Lei 2/2016, en concreto, recolle no artigo 66 –Título VI Goberno Aberto. Transparencia, datos abertos e participación cidadá– a obrigaón de publicar no primeiro trimestre do ano natural o informe sobre o “seguimento do grao de cumprimento da transparencia e do acceso á información pública”.

Este documento ten por obxecto analizar e expoñer, como mínimo, o grao de cumprimento das obrigaóns de publicidade activa por parte do Concello, os contidos máis consultados do portal de transparencia, así como toda aquela información sobre o exercicio do dereito de acceso á información pública durante a anualidade 2023.

Trala aprobación da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, o concello de Vigo intensificou a implantación e desenvolvemento das políticas públicas en materia de transparencia e integridade. O reforzo realizado nestes aspectos proporcionou excelentes resultados á administración municipal, resultados que quedaron patentes nas sucesivas avaliacións efectuadas por *Transparencia Internacional España* e no *Índice de Transparencia de Ayuntamientos (ITA)*.

No seu compromiso coa execución das políticas públicas no ámbito da transparencia e o bo goberno, o Concello de Vigo deu un paso decidido coa súa integración como Socio Titular, mediante acordo plenario de data 30 de marzo de 2015, na “Red de Entidades Locales por la Transparencia y Participación Ciudadana” da Federación Española de Municipios y Provincias, de acordo co disposto no artigo 8 das Normas de Funcionamento e Organización da mesma e cumprir os seus fins estatutarios e co acordo do Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 30 de novembro de 2015 de adhesión ao Código de Bo Goberno Local da FEMP.

No marco do desenvolvemento dos estándares de conduta e de mellora continua, foron poñéndose en práctica distintas iniciativas para acadar una maior transparencia na xestión e na rendición de contas, establecendo unha intensidade superior en relación coas esixencias derivadas dos indicadores legalmente establecidos.

Nesta memoria compílanse e avalíanse os traballos na materia, en torno aos seguintes eixos:

- No primeiro punto “**1. Publicidade Activa**” expóñense as principais tarefas en canto a difusión da información municipal. O dito labor realízase a través da canle principal coa que se conta para este propósito, a plataforma electrónica de datos formada polo Portal de Transparencia co apoio do Portal Web e Sede Electrónica.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2024 08:21	Páxina 3 de 25
1636-1102	CSV: AHA7C4-4942AD-A2A946-P7MCONF-9A4APZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- No segundo punto **"2. Acceso á Información Pública"** contéplanse todas as novidades que presenta o novo espazo dixital creado para a difusión e coñecemento deste dereito, así como a experiencia no exercicio do dito dereito pola cidadanía. Ademais dos contidos agregados, achéganse as estatísticas recollidas en base ás solicitudes de acceso á información pública recibidas ao longo do 2023 e as resolucións que as contestan para poder apreciar o nivel de reacción deste Concello ante as peticións específicas da veciñanza.

- O terceiro punto **"3.- Bo Goberno e Integridade"** versa sobre aquelas accións executadas atendendo aos principios de ética na gobernanza pública e amparo de medidas concretas encamiñadas á consecución dos principios transformadores da administración que recolle a LTBG. O contido artéllase en torno ás boas prácticas municipais que foron recoñecidas como tal pola "Red de Entidades Locais por la Transparencia y la Participación Ciudadana" da FEMP, boas prácticas que no seu conxunto se recollen no catálogo exposto. Pecha este apartado coa información relativa ao Plan de Integridade na Contratación Pública (PIC Vigo) e que constitúe unha iniciativa pioneira para alcanzar os máis elevados estándares de integridade na xestión da contratación municipal, así como de eficacia e eficiencia mediante a súa racionalización.

Conclúe a memoria cunha análise en datos da relevancia das informacións publicadas no Portal de Transparencia.

Antecedentes

Adhesión ao Código de Bo Goberno Local da FEMP

Dando continuidade ao seu compromiso coa administración electrónica, participada e aberta, e en correspondencia ao liderado de coordinación dos traballos de revisión do Código en 2015, o Concello de Vigo adheriuse ao Código de Bo Goberno Local da FEMP mediante acordo plenario de data de 30.11.2015, incorporando esta expresión ao ordenamento xurídico municipal e buscando a satisfacción das demandas éticas e democráticas derivadas do alto nivel de esixencia aplicable aos responsables políticos, en canto depositarios dun mandato representativo cidadán, na súa utilidade e eficacia como instrumento de reforzo da ética na xestión municipal.

Esta difusión lévase a cabo a través do Portal de Transparencia, onde o Código de bo goberno conta cun apartado propio para fomentar o seu coñecemento e facilitar que a cidadanía poida ser consciente da responsabilidade asumida polo seu concello e á vez fiscalice os compromisos concretos e o seu cumprimento.

As actuacións executadas en materia de transparencia atópanse recollidas nas memorias aprobadas ata o momento:

[Memoria Bianual de Transparencia e Bo Goberno 2017-2018](#), aprobada pola Xunta de Goberno local en sesión ordinaria de data 31.01.2019.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2024 08:21	Páxina 4 de 25
1636-1102	CSV: AHA7C4-4942AD-A2A946-P7MUF-9A4APZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

[Memoria Anual de Transparencia e Bo Goberno 2019](#), aprobada pola Xunta de Goberno local en sesión ordinaria de data 30.01.2020.

[Memoria Anual de Transparencia e Bo Goberno 2020](#), aprobada pola Xunta de Goberno local en sesión ordinaria de data 04.02.2021.

[Memoria Bianual de Transparencia e Bo Goberno 2021-2022](#), aprobada por Resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal do 19.02.2023.

1.- PUBLICIDADE ACTIVA

Seguindo co mandato legal, e cumprindo co prazo de dous anos que prevía a Lei 19/2013 para que as Administracións Locais adáptanse ao seu contido, en decembro de 2015 xa estaba en funcionamento o Portal de Transparencia do Concello de Vigo recollendo a publicidade activa de todos os indicadores establecidos nos artigos 6 a 8 da Lei de Transparencia, así como unha gran cantidade de información a disposición do conxunto da cidadanía, desde a consideración de que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os principios fundamentais de toda acción política, reforzando así a confianza da cidadanía mediante o acceso á información relativa á actividade da Administración; información que será máis valiosa canto máis actualizada se presente.

En concreto, os artigos 6 a 8 da Lei de Transparencia establecen como materias que deben ser obxecto de publicación activa:

- Información institucional, organizativa e de planificación.
- Información de relevancia xurídica.
- Rexistro de actividades económicas.
- Información económica, orzamentaria e estatística.

A información relativa aos ámbitos sinalados pola normativa atópase incluída e ampliada nas categorías de datos que estruturan o Portal de Transparencia:

1. Información institucional.
2. Recursos Humanos.
3. Normativa e información de relevancia xurídica.
4. Información económica.
5. Axudas e Subvencións.
6. Patrimonio.
7. Contratos.
8. Urbanismo, Obras Públicas e Medio ambiente.
9. Información e Atención á cidadanía.
10. Planificación, avaliación e calidade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2024 08:21	Páxina 5 de 25
1636-1102	CSV: AHA7C4-4942AD-A2A946-P7MCONF-9A4APZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Categorías de datos:



Deste xeito, a través do Portal de Transparencia (<http://transparencia.vigo.org>) o Concello de Vigo dá cumprimento ás obrigacións en materia de publicidade activa derivadas da entrada en vigor da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, á vez que se configura como un portal para o exercicio do dereito de acceso á información pública, e como canle de información en relación co funcionamento ordinario do Concello e todos os aspectos relativos á xestión municipal, recollendo as obrigacións sectoriais procedentes doutras normativas, así como as derivadas da lexislación básica en materia de réxime local.

1.1 Actualización de contidos publicados

No marco do desenvolvemento do Plan de Seguimento e Avaliación da transparencia e o bo goberno municipal, ao longo do ano 2023 o Portal de Transparencia do Concello de Vigo foi ampliado dando continuidade ao obxectivo de impulsar o desenvolvemento da política municipal en materia de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, velando pola adecuada difusión da información pública e a súa reutilización.

No mes de xaneiro de 2023 a Secretaría de Goberno Local incorporou unha administrativa que ten asignadas as funcións relativas á transparencia municipal, entre outras:

- Tramitación das solicitudes de acceso de información pública e seguimento dos prazos, incluíndo o requirimento dos informes preceptivos aos distintos servizos xestores nos expedientes pendentes de resolución.
- Actualización permanente no Portal de Transparencia da información relativa ás solicitudes de acceso á información pública e confección dos respectivos informes trimestrais.
- Publicación periódica no Portal de Transparencia dos datos correspondentes aos indicadores responsabilidade da Secretaría e o seguimento da actualización dos indicadores dos distintos servizos e áreas municipais.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2024 08:21	Páxina 6 de 25
1636-1102	CSV: AHA7C4-4942AD-A2A946-P7MCFU-9A4APZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Participación na elaboración das memorias de transparencia.

Corporación municipal 2023-2027

Con motivo das eleccións municipais celebradas o 28 de maio de 2023 e a conseguinte constitución da nova corporación, levouse a cabo a actualización no Portal de transparencia do indicador relativo á información institucional (1):

- 1.1 Organigrama municipal e funcións, ca renovación das delegacións de competencias, e dos representantes municipais nas entidades públicas e privadas nas que ten representación o Concello.
- 1.2 Información relevante do alcalde e concelleiros/as.
- 1.4 Grupos municipais.
- 1.6 Información de mandatos anteriores.

<https://transparencia.vigo.org/?id=102&tipo=sub&ita=0&lang=ga>

TRANSPARENCIA


1. Información institucional

Información sobre la organización, normas y cargos electos del Ayuntamiento de Vigo.





1.1 Organigrama e funcións

1. Organigrama



2. Funcións e competencias do Alcalde e os concelleiros


 Competencias do Alcalde

 Competencias dos concelleiros


A composición do goberno municipal segundo as áreas de actuación é a seguinte:

-  [Estrutura da administración do Concello de Vigo: delegación de competencias \(2023-2027\)](#): Resolución de Alcaldía sobre organización e estrutura da Administración do Concello de Vigo e delegación de competencias. (19/06/2023) -  [BOPPO 123 27/06/2023](#)
-  [Estructura da administración do Concello de Vigo: Delegación de competencias \(2023-2027\)](#): Resolución de Alcaldía sobre modificación da organización e estrutura da Administración do Concello de Vigo e a delegación de competencias. (28/06/2023) -  [BOPPO 129 05/07/2023](#)
-  [Delegación de competencias xenéricas en concelleiros de Área de Goberno e concelleiros delegados \(20/06/2023\)](#) -  [BOPPO 124 do 28/06/2023](#)


4. Relación de entidades públicas e privadas nas que ten representación a Corporación

 Relación de entidades públicas e privadas nas que ten representación a Corporación


Consortio zona franca

-  [Acordo Xunta de Goberno Local](#), sesión ordinaria 14/07/2023.
- Enderezo: Área Portuaria de Bouzas, s/n, 36208, Vigo.
- Teléfono: 986 269 700
- Correo electrónico: comunicacion@zonafrancavigo.com
- Páxina web: <https://www.zfv.es>

Fundación "Convention Bureau"

-  [Acordo Xunta de Goberno Local](#), sesión ordinaria do 14/07/2023.
- Enderezo: Avenida de Beiramar nº 57. 36202 Vigo
- Teléfono: 986 487 118
- Correo electrónico: info@vigocb.org
- Páxina web: <https://vigocb.org/>
- [LinkedIn](#)

Fundación MARCO

-  [Acordo Xunta de Goberno Local](#), sesión ordinaria do 29/09/2023.
- Enderezo: Rúa Príncipe 54, 36202, Vigo.
- Teléfono: 986 113 900 | 986 113 901
- Correo electrónico: info@marcovigo.com
- Páxina web: <http://www.marcovigo.com/es/content/fundacion-marco>



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2024 08:21	Páxina 8 de 25
1636-1102	CSV: AHA7C4-4942AD-A2A946-P7MCONF-9A4APZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

TRANSPARENCIA



1.4 Grupos municipais

Máis información dos Grupos municipais

Información sobre os Grupos Municipais
Componentes e voceiros, datos bibliográficos, retribucións e rexistro de intereses

23. Retribucións dos Grupos municipais

Cada grupo municipal disporá dunha dotación económica en función dun compoñente fixo (1.500 euros) e outro variable (3.494.45 euros) en función do número de membros de cada un deles.

Retribucións dos grupos municipais
Aprobadas polo Pleno da Corporación en data 3 de xullo de 2023

TRANSPARENCIA



1.6 Información mandatos anteriores

25. Información mandatos anteriores

2015-2019 Actualización (31/07/2023)


Solicitudes de acceso á información pública (SAIP)

A definición do dereito de acceso á información pública realizado pola Lei 19/2013 foi unha das materializacións máis significativas do principio de transparencia na administración pública e converteuse nunha ferramenta máis, complementaria ás obrigas de publicidade activa, para dar acceso á cidadanía á información na que se sustenta a actividade das institucións públicas.

Debido a que a regulación referente a este dereito é relativamente recente, o nivel xeral de coñecemento e o seu exercicio por parte da cidadanía tivo un aumento progresivo ao longo dos anos, como se reflicte nos datos estatísticos das solicitudes presentadas no Concello de Vigo.

Durante o ano 2023 apréciase un leve descenso na presentación de solicitudes, cun total de 49, fronte ás 64 solicitudes recibidas no ano 2022.

Número de solicitudes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2024 08:21	Páxina 9 de 25
1636-1102	CSV: AHA7C4-4942AD-A2A946-P7MCFU-9A4APZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O tratamento das solicitudes de acceso á información pública é unha cuestión prioritaria para facer do novo concepto da administración como organización transparente unha realidade, e na administración municipal considérase tan importante o seu tratamento como a difusión da información que xeran.

Por este motivo a información sobre as solicitudes presentadas aparece actualizada de forma permanente no Portal de Transparencia, e dispoñible en forma de informes trimestrais, co detalle do número de solicitudes presentadas, resoltas, sentido da resolución, etc., así como a publicación íntegra das correspondentes resolucións.

Cabe destacar que durante o ano 2023 non se interpuxo ningún recurso xurisdiccional contra a resolución das solicitudes de acceso á información pública tramitadas polo Concello de Vigo.

1.2 Resolucións xudiciais

Segundo se recolle no informe de transparencia na actividade xudicial remitido á Secretaría de Goberno local polo responsable de información e transparencia da Asesoría Xurídica, dende a entrada en vigor da Lei 19/2013, a Asesoría Xurídica está a cumprir coas súas obrigas legais en materia de transparencia:

"Continúa dende o ano 2016 designada a mesma persoa como responsable da información de transparencia da Asesoría Xurídica. Esta información trátase da publicada e relativa á categoría 3 (Normativa e información de relevancia xurídica), e dentro desta, a do apartado 4 (44. Resolucións xudiciais firmes que afecten á Corporación). Que se corresponde co indicador numerado como 33 dos aprobados na sesión da XGL do 12/7/2018.

De modo periódico e aleatorio continúa a realizarse unha comprobación dos diferentes contidos que se publican, que son as resolucións xudiciais firmes. E se deixa constancia por medio deste informe que a mesma se axusta ás especificacións municipais acordadas e as resolucións que se publican, se axustan aos requisitos de firmeza, categorización e restantes aspectos. No caso de identificarse erros, procédese á súa corrección. Para estas tarefas empréganse os trámites PTS (datos publicación transparencia) e SAZ (resolución xudicial anonimizada).

Tampouco constan trasladadas dende o Rexistro xeral ou o servizo 010 queixas pola falta de publicación dalgunha resolución en concreto, ou considerando incompleta a información publicada.

Finalmente, non consta recibido ningún documento dos relacionados co indicador 32 (directrices, acordos, circulares ou respostas a consultas...)."

En suma, déixase constancia de que da información que en puridade lle corresponde á Asesoría Xurídica responsabilizarse, como son as resolucións xudiciais, figura correctamente publicada e coa dilixencia esixible e establecida nas fichas a fin de cumprir coas obrigas e responsabilidades derivadas da Lei de transparencia:

<https://transparencia.vigo.org/?id=111&tipo=ele&ita=0&lang=ga>



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2024 08:21	Páxina 10 de 25
1636-1102	CSV: AHA7C4-4942AD-A2A946-P7MUCF-9A4APZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

TRANSPARENCIA



3.4 Resolucións xudiciais

44. Resolucións xudiciais firmes que afecten á Corporación

Sentenzas e resolucións xudiciais
Acceso ao texto das resolucións xudiciais nos que o Concello de Vigo é parte.

1.3 Análise de resultados

Unha das funcionalidades da elaboración desta Memoria consiste na realización dunha análise exhaustiva do historial de accesos ao Portal de Transparencia.

A recollida de datos que se fai a través do [Observatorio de transparencia](#) é a nivel individualizado, obtendo a información dos accesos concretos a cada un dos indicadores de transparencia, o que permite facer unha lectura moi precisa das materias que atraen máis a atención da cidadanía.

Os resultados obtidos deste estudo son unha información fundamental para proxeccionar modificacións e ampliacións do contido publicado co obxectivo de conseguir unha confluencia entre este e os intereses e inquietudes da cidadanía.

ACCESOS ANUAIS PORTAL DE TRANSPARENCIA

2019	158.627
2020	111.333
2021	84.492
2022	77.379
2023	95.772
Total	527.603


VARIACIÓN INTERANUAL

Período 2019-2020	158.627	111.333	-30%
Período 2020-2021	111.333	84.492	-24%
Período 2021-2022	84.492	77.379	-8%
Período 2022-2023	77.379	95.772	24%

En termos absolutos, o número de accesos ao Portal de Transparencia municipal desde o ano 2019 é de 527.603.



ACCESOS ANUAIS PORTAL DE TRANSPARENCIA



Observando os datos anuais que se reflicten no gráfico e táboa anteriores móstrase como os accesos globais ao Portal de Transparencia tiveron un crecemento continuo até o ano 2020, ano no que se inviste a tendencia, volvendo a incrementarse durante o ano 2023.

Analizando o ranking dos 10 indicadores máis consultados no ano 2023 en números absolutos, obsérvase un maior interese en materia económica, cun incremento nas consultas dos indicadores relativos ao orzamento municipal, con 1.220 consultas, fronte ás 181 consultas do ano 2022, e a retribución dos cargos electos, con 1.423 consultas, fronte ás 412 de 2022.

En termos xerais mantense o interese pola información relativa á contratación e ao inventario municipal, así como polos instrumentos de regulación municipal ou a relación de postos de traballo, e descende levemente o número de consultas sobre o exercicio do dereito de acceso á información pública, que desaparece do ranking con respecto ao ano anterior.

RANKING 10 ELEMENTOS MÁIS CONSULTADOS EN 2023

Contratos menores formalizados	2746
42. Ordenanzas e Regulamentos municipais	2017
63. Inventario de Bens e Dereitos do Concello	1981
Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello, cargos de confianza, persoal eventual, e o importe das súas retribucións	1833
Axenda institucional do Alcalde/sa	1483
10. Retribucións dos cargos electos	1423
46. Orzamento Municipal	1220
Canles de denuncias para os cidadáns	1220
	1066
28. Relación de Postos de Traballo (RPT)	1040
Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOM) e os mapas e planos que o detallan	



ACCESOS TOTAIS A CADA UN DOS INDICADORES PUBLICADOS:

Accesos totais a cada un dos indicadores de transparencia do Portal de Transparencia durante o **ano 2023**:

Indicador de transparencia

Nº de accesos

1. Información institucional	
1. Organigrama	134
2. Funcións e competencias do Alcalde e os concelleiros	308
3. Relación de entidades públicas e privadas nas que ten participación a Corporación	50
4. Relación de entidades públicas e privadas nas que ten representación a Corporación	96
5. Normativa xeral aplicable ao Réxime local	53
6. Nomes e retribucións dos máximos responsables de entidades dependentes e participadas	55
7. Datos biográficos e adscripción política do Alcalde e restantes membros da Corporación	61
8. Enderezos electrónicos e outros datos de interese do Alcalde e restantes membros da Corporación	43
9. Réxime de dedicación dos cargos electos	73
10. Retribucións dos cargos electos	1423
11. Rexistro de intereses	70
12. Regulamento Orgánico Municipal	453
13. Pleno	28
14. Comisións informativas	26
15. Ordes do día dos Plenos da Corporación	65
16. Actas ou acordos íntegros dos Plenos da Corporación	65
17. Xunta de Goberno Local	34
18. Ordes do día das Xuntas de Goberno	63
19. Actas ou acordos íntegros das Xuntas de Goberno Local	60
20. Ordes do día das sesións do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo	110
21. Actas ou acordos íntegros das sesións do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo	51
22. Outros órganos colexiados da Corporación	409
23. Retribucións dos Grupos Municipais	1032
24. Datos básicos de órganos descentralizados: Xerencia Municipal de Urbanismo	39



25. Información mandatos anteriores	51
2. Recursos humanos	
26. Relación de postos de persoal eventual da Corporación	48
27. Acordos e resolucións relativas ao persoal eventual municipal	103
28. Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello, cargos de confianza, persoal eventual, e o importe das súas retribucións	1066
29. Relación de Postos de Traballo dos Entes dependentes	55
30. Persoal adscrito a Plans ou Programas temporais	49
31. Relación de órganos de representación de persoal	67
32. Acordos ou pactos reguladores das condicións de traballo e convenios colectivos vixentes	697
33. Compatibilidades que afecten aos empregados públicos	76
34. Oferta de Emprego Público	34
35. Convocatorias de procesos selectivos de provisión de postos de traballo	77
36. Criterios de xestión das listas de reserva	78
37. Masa salarial do persoal laboral laboral, nos termos previstos polo artigo 103 bis da LRBRL	66
38. Masa salarial do persoal funcionario, nos termos previstos polo artigo 7 do RD 861/1986	92
3. Normativa e información de relevancia xurídica	
39. Proxectos de Ordenanzas e Regulamentos locais	27
40. Achegas na fase de consulta pública, con indicación da súa incorporación posterior (no seu caso) ao Proxecto de Regulamentos	65
41. Achegas na fase de audiencia e información pública, con indicación da súa incorporación (no seu caso) aos Regulamentos ou Ordenanzas	42
42. Ordenanzas e Regulamentos municipais	2017
43. Directrices, instrucións, acordos, circulares ou respostas a consultas expostas que supoñan unha interpretación do Dereito ou produzan efectos	90
44. Resolucións xudiciais firmes que afecten á Corporación	73
45. Inventario de actividades de tratamento	62
4. Información económica	
46. Orzamento Municipal	1220
47. Alegacións formuladas aos Orzamentos	53
48. Informes de execución orzamentaria	42
49. Modificacións orzamentarias	58
50. Estudos sobres custes/rendementos dos servizos públicos prestados	53



51. Obxectivo de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e límite de débeda	79
52. Informes de morosidade aprobados polo Pleno	70
53. Período medio de pagamento a provedores	88
54. Liquidación do último exercicio	75
55. Informes de Auditoría de Contas e de Fiscalización	109
56. Indicadores de eficiencia e/ou eficacia do gasto na prestación dos servizos	57
57. Informe sobre o subministro de información da Lei Orgánica de Estabilidade	87
58. Autonomía fiscal	58
59. Ingresos e gastos fiscais por habitante	57
60. Endebemento por habitante	38
61. Contas Anuais e Conta Xeral	255
5. Axudas e subvencións	
62. Subvencións e axudas públicas	54
6. Patrimonio	
63. Inventario de Bens e Dereitos do Concello	1981
64. Relación de vehículos oficiais	23
7. Contratos	
65. Composición de las mesas de contratación	79
66. Actas das mesas de contratación	66
67. Relación de contratos públicos formalizados pola Corporación	76
68. Relación dos contratos menores realizados	82
69. Modificacións dos contratos públicos formalizados	53
70. Desistimento e renuncia de contratos públicos	54
71. Proxectos de obras públicas	72
72. Contratos de obras públicas en execución	41
73. Porcentaxe en volume orzamentario de contratos públicos adxudicados	70
74. Relación dos contratos adxudicados a través de centrais de contratación	41
75. Relación de convenios de colaboración subscritos pola Corporación	52
76. Encomendas de xestión	63
77. Relación de encargos a medios propios	36



78. Relación de obras executadas pola propia Administración	46
79. Transferencias de financiamento	101
8. Urbanismo, Obras públicas e Medio ambiente	
80. Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU)	81
81. Análise e diagnóstico territorial (PXOU)	52
82. Documentación xustificativa (PXOU)	32
83. Documentación con eficacia normativa (PXOU)	49
84. Modificacións puntuais do Plan Xeral de Ordenación Urbana	46
85. Plan de Ordenación Pormenorizada	85
86. Documentos informativos e xustificativos	72
87. Documentos con eficacia normativa	59
88. Plans de Reforma Interior	43
89. Plans Parciais	64
90. Estudos de Detalle	84
91. Plans Especiais	67
92. Catálogo de Proteccións	729
93. Identificación das directrices de desenvolvemento territorial	49
94. Espazos que compoñen a Infraestrutura Verde municipal e urbana	51
95. Relación de actuacións suxeitas ao réxime de comunicación previa	58
96. Relación de actuacións suxeitas a licenza urbanística	45
97. Indicadores de sustentabilidade territorial	75
98. Informes de seguimento dos efectos no medio ambiente e o territorio derivados da aplicación do Plan	54
99. Rexistro municipal de Soares e Edificios a Rehabilitar	147
100. Relación de convenios urbanísticos subscritos	47
101. Noticias de urbanismo	79
102. Identificación dos bens, recursos e dereitos integrantes do Patrimonio municipal do Solo	52
103. Destino dos bens integrantes do Patrimonio municipal do Solo	49
104. Medio Ambiente	46
9. Información e atención cidadá	
105. Relación de procedementos que poden ser tramitados electronicamente polos cidadáns	63
106. Carpeta electrónica para consultar os expedientes tramitados electronicamente polos cidadáns	69



107. Documentos sometidos a información e/ou exposición pública	47
108. Vías de participación en funcións do Concello	65
109. Caixa de correos de queixas e/ou suxestións	77
110. Avisos para a mellora dos servizos municipais (sen identificación)	41
111. Mapa da web	61
112. Motor de procura interno	36
113. Condicións de accesibilidade	40
114. Dereito de acceso	51
115. Solicitud de acceso	59
116. Seguimento da tramitación da solicitude por parte do interesado	63
117. Validación de documentos electrónicos emitidos polo Concello de Vigo	44
118. Reclamacións ante a Comisión de Transparencia de Galicia	67
119. Suxestións e Reclamacións	41
120. Rexistro de Asociacións veciñais	49
121. Indicación dos inmobles cedidos ou arrendados a Asociacións veciñais	37
122. Indicación de axudas ou subvencións concedidas a Asociacións veciñais	71
123. Estatísticas persoas voluntarias	61
124. Estatísticas sobre o programa "Cumprimento das penas en beneficio da comunidade"	67
125. Redes sociais	25
10. Planificación, avaliación e calidade	
126. Plans e Programas	414
127. Indicadores de xestión	36
128. Indicadores financeiros e patrimoniais	53
129. Presión Fiscal	54
130. Aforro Neto	57
131. Indicadores de execución do orzamento de gastos e ingresos correntes e pechados	73
132. Superávit ou déficit por habitante	152
133. Gasto por habitante	41
134. Inversión por habitante	36
135. Esfuerzo inversor	48



136. Endebedamento financeiro por habitante	43
137. Endebedamento financeiro sobre ingresos correntes	59
138. Débeda orzamentaria por habitante	39
139. Cobertura gastos correntes	42
140. Autonomía	53
141. Indicador de infraestruturas	70
142. Fraccionamentos, expedientes, importe e xestión en vía de constrinximento	75
143. Indicador de ingresos urbanísticos	40
144. Carga financeira por habitante	61
145. Coeficiente de endebedamento	61
146. Dependencia financeira e de subvencións	34
147. Índice de cobertura	49
148. Índice de financiamento	42
149. Liquidez inmediata	75
150. Estatísticas do Portal de Transparencia	142
151. Política de Xestión de Documentos electrónicos	56
152. Regras e procedementos para a eliminación de documentos electrónicos	74
153. Política de Firma electrónica	56
154. Exercicio do dereito de acceso á información pública	572
155. Resolucións das reclamacións interpostas en materia de acceso á información pública	514
156. Cartas de servizo	52
157. Compromisos de calidade	52
158. Estatísticas de cumprimento e a calidade dos servizos públicos	43

2. PUBLICIDADE PASIVA

A centralización da tramitación das solicitudes de acceso á información pública na Secretaría de Goberno local, en setembro do ano 2021, produciu un aumento considerable do volume de expedientes, que se foron tramitando cos medios persoais dispoñibles nese momento.

A incorporación no ano 2023 dunha administrativa na Secretaría de Goberno local para realizar, entre outras tarefas, as relativas á transparencia municipal, supuxo a axilización na xestión das solicitudes de acceso á información pública, co



requirimento de informes aos servizos xestores correspondentes e o seguimento continuado dos expedientes, posibilitando un maior grado de cumprimento dos prazos legais.

Asi mesmo, esta incorporación permitiu a actualización permanente no Portal de Transparencia da información correspondente aos indicadores 154 e 155, relativos ao exercicio do dereito de acceso á información pública e ás resolucións das reclamacións interpostas en materia de acceso á información pública da Comisión da Transparencia de Galicia, respectivamente.

2.1 Solicitudes de acceso á información pública 2023

A información sobre as solicitudes de información atópase recollida e actualizada no Portal de Transparencia municipal: <https://transparencia.vigo.org/?id=134&tipo=ele&ita=0&lang=ga>



10.4 Sistemas de transparencia municipal

154. Ejercicio do dereito de acceso á información pública

SOLICITUDES DE ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA

Ver 2023


PLA	11.12.23	Acceso al expediente de contratación del HALO	Secretaría Gob. local /Estimación	En Plazo
			21.12.23	22.12.23
FGA	04.12.23	Copia de los documentos y acceso a los expedientes de contratos menores firmados en 2023	Secretaría Gob. local /Traslado a la Secretaría del Pleno	
			04.12.23	
ABPF	02.12.23	Vista de expedientes resueltos y/o en tramitación, en relación con el Gadis de la calle Zaragoza/Barcelona de Vigo y la entidad Pontevicus, S.L.U.	Secretaría Gob. local /Estimación	Fuera de Plazo
			17.01.24	17.01.24
MAGO	29.11.23	Datos de incendios en locales	Secretaría Gob. local /Traslado GMU -	
			30.11.23	
ABPF	29.11.23	Acceso al expediente por el que se acuerda conceder a Gadis/Entidade Pontevicus, S.L.U el cierre de la calle Zaragoza para descarga de mercancía	Secretaría Gob. local /Estimación	Fuera de Plazo
			15.01.24	16.01.24



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2024 08:21	Páxina 19 de 25
1636-1102	CSV: AH7C4-4942AD-A2A946-P7MUF-9A4APZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2.2 Datos estadísticos

O interese polos asuntos públicos por parte da cidadanía é unha cuestión en continuo crecemento, acadando o seu pico máximo no ano 2022, con 64 solicitudes presentadas. En 2023 obsérvase un leve descenso no número de solicitudes, con 49 solicitudes presentadas:



Os datos estadísticos relativos ás solicitudes de acceso á información pública son obxecto de publicación a través dun informe trimestral no Portal de Transparencia municipal ([ligazón](#)).

CONCELLO DE VIGO

Secretaría de Gobierno Local
Expediente: 476/1102
Indicador transparencia 154
Datos actualizados a 01.12.23
[Enlace ao indicador](#)

INFORMACIÓN ESTADÍSTICA

Número de solicitudes	
2016	3
2017	8
2018	12
2019	22
2020	18
2021	23
2022	64
2023	42

Estado de tramitación	
Resolvidas	159
En trámite	4
Total	163

Plazo de resolución	
En prazo	74
Fóra de prazo	84

Tipo de resolución	
Estimadas	104
Estimadas parcialmente	27
Desestimadas	17
Inadmitidas	19
Trasladadas	19
Desistidas	2

Copia do documento - Concello de Vigo
476-1102

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 15/12/2023 11:02
Páxina 1 de 15
CSV: ABA934-E25FB2-DCAC45-PV31W9-4UTEFR-FD



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2024 08:21	Páxina 20 de 25
1636-1102	CSV: AHA7C4-4942AD-A2A946-P7MUF-9A4APZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Durante o ano **2023** recibíronse 49 solicitudes de información, das cales 17 foron estimadas totalmente, 14 trasladadas, 8 estimadas de forma parcial, 4 inadmitidas, 2 desestimadas, 2 desistidas e 2 estaban en tramitación.

O prazo de resolución das solicitudes de acceso á información pública é dun mes, segundo establece o artigo 20 da Lei de Transparencia, ampliable por outro mes no caso de que o volume ou a complexidade da información que se solicita o requiran.

Durante o ano 2023 resolvéronse a maior parte das solicitudes de acceso á información pública que estaban pendentes da emisión de informe polos servizos xestores dos expedientes, tras realizar os requirimentos oportunos.

Non obstante, continúaase producindo un atraso na resolución dos expedientes, debido principalmente á remisión extemporánea de informes e incluso á falta de emisión dos mesmos por parte dos servizos xestores da información solicitada, a pesares dos requirimentos que se efectúan desde a Secretaría de Goberno local.

Outro dos factores de demora na resolución é a suspensión do prazo de resolución cando se confire trámite de alegacións a terceiros afectados pola información solicitada, tal como establece o artigo 19 da Lei de transparencia, ou pola complexidade e/ou volume da información solicitada, consonte ao artigo 20 da Lei.

Así mesmo, durante o exercicio 2023, trasladáronse 14 solicitudes para a súa tramitación polo servizo ou órgano competente, entre elas as solicitudes de información presentadas por concelleiros/as, que foron oportunamente trasladadas á Secretaría de Pleno, segundo o disposto no artigo 9 do Regulamento Orgánico municipal.

3. BO GOBERNO E INTEGRIDADE

O Concello de Vigo conta cunha dilatada traxectoria na implantación e desenvolvemento de políticas públicas en materia de transparencia e integridade, materias estas que son obxecto de reforzo tras a aprobación da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno e, como pode verse, cos excelentes resultados obtidos nas sucesivas avaliacións realizadas por "*Transparencia Internacional España, non Índice de Transparencia de Concellos (ITA)*".

Na execución destas políticas públicas, o Concello de Vigo foi adoptando diversos acordos e implementando mecanismos de distinta natureza para garantir o dereito dos cidadáns a unha boa administración:

- a) O Pleno acordou a incorporación do Concello á Rede de Municipios pola Transparencia e a Participación Cidadá da FEMP en sesión de data 30.03.2015.
- b) O Pleno adheriuse ao Código de Bo Goberno Local da FEMP en sesión de data 30.11.2015.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2024 08:21	Páxina 21 de 25
1636-1102	CSV: AHA7C4-4942AD-A2A946-P7MCONF-9A4APZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- c) A Xunta de Goberno Local dispón dunha Circular de Cumprimento Normativo segundo a cal non aproba ningún expediente que non supere os controis xurídicos e de fiscalización interna, xa que tal e como recolle a Circular 1/2015, de 13 de maio, da Secretaría de Goberno local e da Intervención Municipal e da Asesoría Xurídica de Vigo, os expedientes que non contén con devanditos informes favorables non se considerarán concluídos e non se incluírán na orde do día.
- d) Leváronse a cabo experiencias colaborativas no ámbito da transparencia e a transformación dixital, cuxos informes inclúen as accións realizadas, que aparecen no portal de transparencia.
- e) A Xunta de Goberno Local aprobou o Plan de Avaliación e Seguimento da Transparencia e o Bo Goberno, que conta cunha batería de indicadores relativos á actividade contractual.
- f) O procedemento de contratación é integramente dixital e conta co soporte das normas técnicas do Esquema Nacional de Seguridade e Interoperabilidade aprobados. Os procedementos administrativos, incluído o expediente de contratación, tramítanse a través dunha aplicación de desenvolvemento propio, "Xestión de Expedientes".
- g) A transparencia é un dos valores institucionais compartidos. O Concello sométese periodicamente a avaliacións voluntarias realizadas por Transparencia Internacional (IT) obtendo unha alta cualificación nos índices de transparencia dos Concellos (ITA). No ITA 2017 liderou a clasificación de cidades galegas cun global de 98,8 sobre 100 (100 sobre 100 en contratación).
- h) A estrutura do goberno municipal conta cunha Concellaría que ten especificamente delegadas as competencias en materia de transparencia, bo goberno e Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS).
- i) Con motivo da EDUSI, a Xunta de Goberno Local comprometeuse cos "principios de integridade, obxectividade e honestidade" ao adherirse á "Declaración Institucional en Antifraude" da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios. E tamén aprobou un "Manual de Procedementos", creando un Comité Antifraude que avaliou os riscos e propuxo medidas que foron xeneralizadas a toda a contratación (declaración de ausencia de conflito de interese na mesa de contratación, declaración de neutralidade técnica).

O desenvolvemento operativo do Plan de Integridade aprobouse por resolución da Concelleira delegada de Contratación por resolución de data 17/12/2019. En execución do Plan de Integridade da Contratación do Concello de Vigo adoptáronse diversas medidas que poden consultarse en https://transparencia.vigo.org/?idt=plan_integr_contrata&lang=ga entre as que se atopaba a creación dun Comité de Integridade e a creación dunha canle interna de denuncias en materia de contratación:

- Resolución da Concelleira delegada de contratación patrimonio e xestión municipal de 26/11/2020, de aprobación do Comité de Integridade



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2024 08:21	Páxina 22 de 25
1636-1102	CSV: AHA7C4-4942AD-A2A946-P7MCUF-9A4APZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Contractual (expediente 6551-241), modificado por acordo da Xunta do Goberno local do 13/01/2022 (expediente 6696/241).

- Creación da canle de alertas en materia de contratación, por acordo da Xunta do Goberno local do 13/01/2022 (expediente 6695/241).

3.1 Sistema interno de información

En data 21 de febreiro de 2023 publicouse no Boletín Oficial do Estado núm. 44 a Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción (LPI en posteriores citas), que incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2019, relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión (en adiante, DPI).

Os sistemas internos de información configúranse como canles preferentes (art. 4 LPI) para que as persoas informantes comuniquen determinadas informacións relativas a infraccións normativas graves e moi graves. Desde o punto de vista subxectivo, as persoas informantes cualifícanse pola obtención da información no contexto laboral e profesional, das que se recolle un listado non exhaustivo no art. 3 LPI, e, desde o punto de vista obxectivo debe tratarse de informacións relativas a infraccións graves ou moi graves nos termos do art. 2 LPI.

Ao igual que a DPI, a LPI responde á dobre finalidade de (i) protexer ás persoas que informen sobre infraccións (whistleblowers) e de (ii) velar polo cumprimento normativo, pois parte da consideración do fomento da cultura da información e do fortalecemento das infraestruturas de integridade das organizacións como mecanismos de prevención e detección de ameazas ao interese público.

Esta Lei xeneralizou a obrigatoriedade de implantación dos sistemas internos de información en todas as entidades do sector público e, por tanto, nas entidades que integran a Administración Local [art. 13.1.a) LPI]. Con todo, en atención á súa diferente dimensión, posibilitouse a súa xestión compartida pero só para municipios con menos de 10.000 habitantes (art. 14 LPI). Única e exclusivamente verbo da súa xestión instrumental o art. 15 LPI prevé a posibilidade de acudir a un terceiro externo nos supostos de insuficiencia de medios propios.

En orde a súa implantación, o art. 5.2 LPI establece nas súas letras g), h), i) e j) que o sistema interno de información debe contar coa figura de responsable do sistema, unha política que enuncie os seus principios xerais, cun procedemento de xestión das informacións recibidas, e co establecemento das garantías para a protección das persoas informantes (con respecto ás sinaladas no art. 9 LPI).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2024 08:21	Páxina 23 de 25
1636-1102	CSV: AHA7C4-4942AD-A2A946-P7MUF-9A4APZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Unha vez establecida a súa obrigatoriedade para o conxunto do sector público local, a LPI estableceu a posibilidade de adaptación dos sistemas e canles internas de información existentes na súa disposición transitoria primeira, e uns prazos de establecemento dos sistemas internos de información francamente breves. En concreto, a súa disposición transitoria segunda, estableceu un prazo máximo xeral de tres meses desde a entrada en vigor da lei, isto situou a data límite no 13 de xuño de 2023; e un máis amplo, ata o 1 de decembro de 2023 para os municipios de menos de 10.000 habitantes.

Como consecuencia do anterior, en sesión do 20 de abril de 2023, o Comité de Integridade Contractual pon de manifesto a necesaria adaptación da canle de alertas á LPI, formulando as seguintes propostas, que foron aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 12 de xuño de 2023:

- a) [Proposta das actuación e informacións previas a seguir na xestión do "Sistema Interno de Información"](#) publicado no [BOPPO 126 de data 30.06.2023](#).
- b) [Proposta de creación do órgano responsable do "Sistema Interno de Información"](#), publicado no [BOPPO 126 de data 30.06.2023](#).
- c) [Proposta de aprobación da "Política do Sistema Interno de Información do Concello e Garantías de Protección das Persoas Informantes"](#).

Finalmente, debido á aprobación e implantación do "Sistema Interno de Información", acordouse na Xunta de Goberno local ordinaria deixar sen efecto a canle interna de alertas en materia de contratación.

Toda a documentación e información relativa á aprobación do "Sistema Interno de Información", así como da canle de alertas que se deixa sen efecto con motivo da súa implantación, aparece publicada no Portal de Transparencia https://transparencia.vigo.org/?idt=plan_integr_contrata&lang=ga (2. Tirarlle partido á tecnoloxía, 2.2 Establecer mecanismos de detección e alerta) e na Sede Electrónica municipal https://sede.vigo.org/expedientes/tramites/tramite.jsp?id_tramite=939&lang=gal

4. CONCLUSIÓNS

Da análise e exposición do desenvolvemento das políticas municipais en materia de Transparencia e Bo Goberno durante o ano 2023, pódense formular unha serie de conclusións, destacando, en particular:

- A continuidade no mantemento das obrigas de publicidade activa durante todo o exercicio 2023, incluíndo na Sede Electrónica e no Portal de Transparencia municipais a actualización da información institucional relativa á nova corporación municipal, constituída tralas eleccións do 28 de maio.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2024 08:21	Páxina 24 de 25
1636-1102	CSV: AHA7C4-4942AD-A2A946-P7MCUF-9A4APZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- A impulsión na tramitación dos expedientes de solicitudes de acceso á información pública, incluíndo a publicación de informes estatísticos de carácter trimestral, e a actualización do indicador correspondente ás resolucións ditadas pola Comisión da Transparencia de Galicia relativas ao Concello de Vigo.
- O número de accesos totais ao Portal de Transparencia durante o exercicio 2023, segundo o observatorio de datos, foi de 95.772, acadando o seu pico máximo no mes de xuño.
- Implantouse o “Sistema Interno de Información”, conforme o disposto na Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.

/if

Vigo, na data de sinatura dixital.

A Secretaria de Goberno Local – Susana Gallardo Fariña.

Conforme, a Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal - Patricia Rodríguez Calviño.

(Resolución da Alcaldía de data 19.06.2023 modificada por Resolución de data 28.06.2024 e Resolución de delegación específicas de data 28.06.2024, BOP nº 133 de data 09.07.2024)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2024 08:21	Páxina 25 de 25
1636-1102	CSV: AHA7C4-4942AD-A2A946-P7MCONF-9A4APZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		